



SANIDADE

-XESTIÓN DO POMBAL-II-

O COLUMBÓFILO OBSERVADOR
-PUNTOS BÁSICOS PARA SACAR TODO O POTENCIAL Á NOSA COLONIA-

Extraído do nº 2 de VOLANDO AL SUR (Boletín informativo da F. C. Andaluza)

Carlos Padín Cores - Biólogo.

O COLUMBÓFILO OBSERVADOR.

Que lembre, dende que levo practicando a columbofilia, non fago máis que toparme cun bombardeo constante en tódolos medios que usa o noso deporte, sobre cales son os aspectos máis importantes a ter en conta ó observar as nosas instalacións, a nosa colonia, ou incluso as nosas deportistas.

Co tempo, dei chegado á triste conclusión de que a meirande parte deses aspectos resúmense en alas, ollos, este ou aquel óso, un ou outro potaxe... e pouco máis. Cando o certo é que son totalmente secundarios. Non serven de nada se teño algunha problemática de base no meu pombal, ou se as miñas pombas sen eu sabelo están ameazadas por algunha enfermidade.

É o coñecemento dos puntos febles do noso deporte o que nos fará fortes. Adquirir unha observación mecánica de certos “marcadores” para poder controlalos a tempo, é o que nos aportará o posterior relax para pararnos a admirar se as plumas da rabadilla deben ser máis aerodinámicas que as da cloaca.

Cando chegamos a este deporte, fáltanos toda a información do mundo. É como nacer. As leccións apréndense de vagar, pero unha vez aprendidas é difícil esquecerlas.

Pretendo aquí deixar constancia das cousas que, co tempo, fun considerando importantes a ter en conta cando entro a un pombal, cando me poñen diante un grupo de pombas e cando teño nas mans a unha das nosas deportistas. Creo que algunhas destas, chamémolas “variables”, son a chave para dispoñer dunhas pombas sas... xa sabedes, sen pombas sas de nada serven o perfectos que sexan os ollos, o resistentes que sexan as alas, ou o aerodinámicas que sexan as penas do cu.

Cando entremos nun pombal, sexa de quen sexa, temos que facelo cos 5 sentidos traballando a reo. E isto deberíamos facelo de xeito automático. Non solo debemos ver, debemos ulir, escoitar, tocar e se é preciso saborear.

Sexamos sensatos, un pombal ule a pombas, ¿a qué tiña que ulir?, isto non é malo... Outra cousa sería que o aroma a merda fose tal que tirase para atrás, ou que en vez de aire se respire po ou gases da descomposición dos excrementos. Se un pombal ule de xeito desagradable ou ten partículas en suspensión, está claro, algo falla na súa ventilación, ten demasiadas pombas, ou é hora de limpar o fondo.

Noutros lugares explícase como funciona unha boa ventilación. Eu vouvos explicar como comprobala de xeito sinxelo. As horas nocturnas, como veremos ó longo deste artigo, son ideais para observar problemas. Chegada a noite, colle unha lanterna, entra ó pombal con ela acesa e sen molestar ás pombas ilumina cara varios puntos fixándote no feixe de luz. Si hai po ou pequenas partículas en suspensión valas ver en seguida. Se opinas que é demasiado ou que non se despraza cara as saídas de ventilación (o po afecta á capacidade e á saúde das vías respiratorias) revisa a ventilación, ou comproba que o nº de pombas se axuste á capacidade real das instalacións (3 por m³ de habitáculo).

Olo sempre ós puntos de humidade. Debemos reducila ó mínimo dentro do pombal, xa sexa atmosférica ou procedente dos excrementos. É un factor favorable para a aparición de fungos.

Interésanos sobre todo manter unha revisión constante do estado e tipo das feces. Mellor a primeira hora da mañá, máis que nada se limpamos o día anterior, botemos unha ollada a algún dos pousadeiros ou dos ñeiros. Sabemos cal é o aspecto da deposición dunha pomba san, sabemos asemade cando este aspecto pode verse alterado (problemas sanitarios, contraste térmico, humidade, déficit alimenticio, etc). Se observamos que as feces non son consistentes en pombas en idade de competir, poñamos man á obra para descubrir cal pode ser o problema.

As feces nos diferentes tipos de perchas, tamén poden informarnos de como descansan as nosas pombas. ¿De que maneira? Unha pomba que pasa unha noite tranquila, ten pola mañá un montón de deposicións máis ou menos agrupadas que foi expulsando mentres durmía. Pola contra, se amosa un rastro de deposicións disperso entorno á zona de descanso, significa que estivo movéndose. Isto pode deberse a varios factores, pombal moi iluminado pola noite, roedores no pombal, parasitos hematófagos que se alimentan en horas nocturnas, ou un gran etc de causas que lle impidan descansar.

Do mesmo xeito... Volvemos a entrar de noite ó noso pombal. Poñemos atención a todos os sons que se producen dentro. Debería estar máis ou menos tranquilo. Olo ós estertores, ós espirros (sinal de problemas respiratorios) e ós animais que se rascan ou patean (parasitos). A estas horas é máis fácil acoutar de onde proceden estes sons.

Sempre atentos ós niveis de consumo de auga e alimento. Todos sabemos máis ou menos cal é o volume diario que consome cada habitáculo dependendo da época do ano. Olo cando observemos que se dispara ou que cae. E antes de entrar en pánico e que comece a voráxine medicinal, descartemos que non se deba a factores ambientais coma temperatura ou humidade (con calor cómese menos pero bébese máis e ó contrario con frío).

Agora ben. Se descartamos estes factores como responsables das variacións no consumo, atentos, porque moitos problemas sanitarios manifestan a súas primeiras etapas a este nivel. E ser capaces de diagnosticalos a tempo é unha gran vantaxe para un columbófilo.

Xa que tocamos o tema, bebedeiros e comedeiros deben estar tan limpos como si fósemos nós mesmos os usuarios. Os bebedeiros mellor de plástico transparente xa que son máis sinxelos de manter hixiénicos. Nunca deben desprender malos cheiros e moito menos deixar sabores desagradables na bebida. Os comedeiros adoitan ser de madeira (cun pouco de maña poden fabricase de plástico) estaremos atentos á súa hixiene. Especialmente cando alimentemos con líquidos mesturados na comida que poderían ser absorbidos por madeiras porosas.

Outro dos “marcadores” que debemos controlar mecanicamente é o estado, posición e saúde das penas.

Non solo das grandes plumas das alas (as remeiras principais). Refírome a toda a plumaxe.

Se nos paramos fronte a un pombal e unha ou varias das pombas teñen as penas encrespadas ou a plumaxe inchada sen facer demasiado frío... fixémonos especialmente nas penas que cobren a fronte da pomba. Todos os que coidamos aves sabemos ó que me refiro. Cando unha pomba encrespa as penas da súa fronte, esas que ten entre o pico e os ollos... malo. Se a unha plumaxe encrespada dunha ave en repouso lle acompañan balanceo do corpo, compresións respiratorias ou movementos de cola, hai que ir pensando en apartala da colonia e poñer os medios para descubrir cal pode ser o problema. Así mesmo, controlemos sempre o estado e saúde das penas. Que non haxa problemas no desenrolo da muda e que non están mutiladas ou demasiado cargadas de parasitos.

Cando collamos a unha das nosas atletas e teñamos en mente comprobar o seu estado sanitario, eu optaría (entre outras moitas cousas que se che poidan ocorrer grazas á experiencia acumulada) por 6 puntos básicos.

-Ollos (deixa o das teorías para outro momento, agora avaliamos a saúde da pomba). Nunha pomba sana nunca deberían presentar ningún tipo de inflamación, verruga, lacrimosidade ou penas circundantes húmidas. Nunca deben aparecer vidrosos, sempre claros e coa súa cor (a que sexa) ben definida.

-Carúnculas nasais e oculares. Cando deixan de ser pitos, a súa coloración debería ser clara aproximándose ó branco. Coidado cando aparezan grises, sucias, húmidas ou con verrugas.

-Mucosa do pico e a gorxa rosada. Olo cando a notemos pálida, demasiado colorada ou con algún tipo de excrecencia.

-Plumaxe. Sucia e deslustrada non solo apunta a falta de hixiene, pode indicar un déficit nutricional. Plumaxas con barbas mutiladas indican presenza de parasitos. E hai unhas penas de difícil acceso, pero que deberíamos vixiar igualmente. Trátase das pequenas penas que rodean a cloaca. Se as vemos prensadas ou manchadas de excremento, estamos ante un caso de diarrea ou feces acuosas.

-Osamenta ben desenrolada. Sobre todo en individuos mozos. Se observamos algún caso de malformación ósea en varios pitos da colonia, revisemos a nutrición.

Hai moitos máis puntos nos que centrarse para descubrir a calidade non solo sanitaria, senón hixiénica da nosa colonia. Este era solo un resumen lixeiro dalgún deles co ánimo de estimular ó lector a tirar de experiencia e ir creando os seus propios hábitos diarios de control.

Evitamos neste artigo centrarnos en explicacións profundas sobre outros temas, como poidan ser ventilación ou sintomatoloxía de enfermidades... Iso é mester doutros artigos. E é obrigación túa, querido lector, buscar neles ou nos compañeiros veteranos do noso deporte, os coñecementos dos que creas carecer.

Ánimo e un saúdo.

Autor:

- Carlos Padín Cores

<http://fcolombofilagalega.spaces.live.com>

